Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as previsións orzamentarias do Goberno galego no exercicio de 2026 co obxectivo de planificar, redactar e executar un instituto de ensinanza secundaria en Valdoviño e a valoración que realiza respecto da necesidade desta infraestrutura

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44276 (12/POC-006991)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia



Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as previsións do Goberno galego en canto á apertura dun diálogo coas comunidades educativas de Valdoviño e co concello desta localidade co fin de definir a localización máis adecuada para a construción dun instituto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44278 (12/POC-006992)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a posibilidade de incorporación dunha liña de Formación Profesional en caso de crear un futuro instituto de ensinanza secundaria en Valdoviño

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44280 (12/POC-006993)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das necesidades de revisión e actuacións de mantemento na ponte situada na estrada AC-455 no concello de Val do Dubra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 44282 (12/POC-006994)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as previsións orzamentarias do Goberno galego en relación coa mellora da seguranza viaria da estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 44283 (12/POC-006995)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as previsións orzamentarias do Goberno galego en relación coa mellora da seguranza viaria da estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 44285 (12/POC-006996)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre os informes técnicos recentes dos que puiden dispor a Xunta de Galicia verbo do estado estrutural da ponte situada na AC-455 en Val do Dubra, as súas conclusións, de ser o caso, e as previsións ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 44287 (12/POC-006997)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre as políticas de apoio ás familias que leva a cabo a Xunta de Galicia no ámbito educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 44289 (12/POC-006998)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da remisión aos centros de ensino de material didáctico orientado ideoloxicamente por parte de determinadas organizacións sindicais e políticas
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44291 (12/POC-006999)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a valoración do avance das bibliotecas escolares
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44292 (12/POC-007000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Ruanova Vilas-Boas, Brais

sobre a situación que están a vivir os traballadores e traballadoras da factoría de Sargadelos e as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 44293 (12/POC-007001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a situación laboral da fábrica de Sargadelos e a postura da Xunta de Galicia, así como as súas previsións, no que atinxe á adopción de medidas para garantir a continuidade da fábrica e dos postos de traballo
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 44295 (12/POC-007002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre o grao de implicación do Goberno galego no proceso de creación do polígono industrial do concello de Muras e as súas previsións ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 44297 (12/POC-007003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre os resultados que está a dar a Estratexia de educación dixital
Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:37:10
Nº Rexistro: 44141
Data envío: 05/01/2026 13:37:10.577

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A realidade do mercado do alugueiro en Galicia amosa unha grande fragmentación e escaseza de oferta accesible, o que xera prezos elevados e precariedade residencial. Ao mesmo tempo, existen milleiros de vivendas baleiras que permanecen fóra do mercado por falta de garantías, seguridade xurídica ou incentivos adecuados para os seus propietarios e propietarias.

Outras comunidades autónomas xa teñen posto en marcha experiencias exitosas de intermediación pública, mediante bancos de aluguer que conectan propietarios e propietarias e inquilinas e inquilinos baixo a tutela da administración. Estes mecanismos permiten mobilizar vivendas baleiras, asegurar prezos razoables e ofrecer garantías tanto a persoas propietarias como a arrendatarios e arrendatarios, cun claro beneficio social.

Galicia precisa un Banco Público de Aluguer, que actúe como instrumento para incrementar a oferta de vivenda en alugueiro a prezos asumibles, fomentar a confianza das persoas propietarias e garantir dereitos para quen precisa acceder a unha vivenda digna.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Contempla a Xunta de Galicia a creación dun Banco Público de Aluguer de Galicia?

Asinado o día 05/01/2026 ás
13:35
Por Carlos López Font

Asinado o día 05/01/2026 ás
13:35
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

158616

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:37:10
Nº Rexistro: 44141
Data envío: 05/01/2026 13:37:10.577

2. En caso negativo, por que?
3. Está a Xunta disposta a comprometer recursos orzamentarios suficientes para impulsar este mecanismo de alugueiro social e asequible a través do Banco Público de Aluguer?

Santiago de Compostela, a 5 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

158617

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 05/01/2026 13:35:33

Carlos López Font na data 05/01/2026 13:35:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:37:10
Nº Rexistro: 44141
Data envío: 05/01/2026 13:37:10.577

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/01/2026 13:37:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:37:10
Nº Rexistro: 44141
Data envío: 05/01/2026 13:37:10.577

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:37:50
Nº Rexistro: 44143
Data envío: 05/01/2026 13:37:50.669

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A realidade do mercado do alugueiro en Galicia amosa unha grande fragmentación e escaseza de oferta accesible, o que xera prezos elevados e precariedade residencial. Ao mesmo tempo, existen milleiros de vivendas baleiras que permanecen fóra do mercado por falta de garantías, seguridade xurídica ou incentivos adecuados para os seus propietarios e propietarias.

Outras comunidades autónomas xa teñen posto en marcha experiencias exitosas de intermediación pública, mediante bancos de aluguer que conectan propietarios e propietarias e inquilinas e inquilinos baixo a tutela da administración. Estes mecanismos permiten mobilizar vivendas baleiras, asegurar prezos razoables e ofrecer garantías tanto a persoas propietarias como a arrendatarios e arrendatarios, cun claro beneficio social.

Galicia precisa un Banco Público de Aluguer, que actúe como instrumento para incrementar a oferta de vivenda en alugueiro a prezos asumibles, fomentar a confianza das persoas propietarias e garantir dereitos para quen precisa acceder a unha vivenda digna.

Asinado o día 05/01/2026 ás
13:36
Por Carlos López Font

Asinado o día 05/01/2026 ás
13:35
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

158620

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:37:50
Nº Rexistro: 44143
Data envío: 05/01/2026 13:37:50.669

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que garantías ofrece actualmente a Xunta ás persoas propietarias que poñen as súas vivendas no mercado de alugueiro?

Santiago de Compostela, a 5 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

158621

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 05/01/2026 13:35:59

Carlos López Font na data 05/01/2026 13:36:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:37:50
Nº Rexistro: 44143
Data envío: 05/01/2026 13:37:50.669

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/01/2026 13:37:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:37:50
Nº Rexistro: 44143
Data envío: 05/01/2026 13:37:50.669

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel A. Viso Diéguez, Rubén Lorenzo Gómez, Miguel Fidalgo Iglesias, Cristina Sanz Arias, Moisés Rodríguez Pérez, Encarna Amigo Díaz, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde e Borja Vereas Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A madeira é renovable, sustentable e pódese utilizar, reutilizar e reciclar. Por iso, é unha materia prima clave para o modelo de transición de Europa cara a unha bioeconomía circular destinada a impulsar a competitividade global, fomentar o crecemento económico sustentable e a xeración de novos postos de traballo.

Deste xeito, o sector forestal e da madeira de Europa camiña cara á bioeconomía, que está valorada en dous billóns de euros de facturación anual e xera 22 millóns de empregos (o 9% do emprego en Europa). Ademais, segundo o Instituto Forestal Europeo, a cadea de valor forestal da madeira representaría máis do 20% deste sector.

Todo isto evidencia a madurez do mercado de produtos forestais actuais e a necesidade crecente de utilizar produtos renovables.

Aquí, en Galicia, a industria forestal-madeira é un sector importante, que proporciona emprego, contribúe ao crecemento económico e xera ingresos a través da produción e comercialización de produtos forestais e transformados de madeira.

Así, a nosa comunidade conta cunha superficie forestal de máis de dous millóns de hectáreas e, segundo a información dispoñible no sistema de indicadores da administración forestal, no ano 2024, leváronse a cabo aproveitamentos de madeira cun volume total de preto de 9,5 millóns de metros cúbicos, o que supón a metade dos aproveitamentos de madeira en España.





Por outra banda, o 95% dos concellos galegos contan cunha industria forestal e, en máis dunha vintena de comarcas, está entre os tres primeiros sectores industriais por emprego xerado; polo tanto, é indiscutible que a industria forestal-madeira é un sector estratéxico para a nosa Comunidade e así foi declarado, en febreiro de 2024, polo Consello da Xunta.

E este non foi un recoñecemento illado, senón que potencia o deseño e posta en marcha de políticas públicas orientadas á consolidación e expansión de todos os eslabóns desta industria, incluídas as empresas forestais especializadas na transformación do recurso. E para xerar economía baseada no recurso forestal, que prime un enfoque baseado na innovación e na mellora tecnolóxica, necesítase de investimentos tanto en I+D+i como en dotar ao capital humano de coñecementos e medios tecnolóxicos.

A este respecto, a Xunta de Galicia leva anos poñendo á súa disposición axudas orientadas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais, á dixitalización e modernización tecnolóxica e á mellora da seguridade e saúde no contorno laboral da industria forestal galega e do contract, é dicir, subvencións como as que integran o programa Xera-Valor. Esta convocatoria enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027 e responde ao reto 1 (Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación) a través da prioridade 1 (Sustentabilidade) e 2 (Dixitalización). Ten como obxectivo estratéxico equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado (obxectivo estratéxico 2), e intégrase, polo tanto, no programa Innova e Emprende da RIS3 de Galicia e no programa Innovación e Emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

Un programa que nace coa vontade de poñer en valor e pechar o ciclo produtivo dos recursos forestais na comunidade, promovendo a segunda transformación e aproveitando as oportunidades que ofrece o crecemento da demanda de produtos derivados da madeira en sectores clave como o da construción, ao tempo que avanzar en retos globais como a descarbonización da nosa economía e a sustentabilidade dos recursos naturais e patrimoniais de Galicia.





Por todo o exposto, e tendo en conta o impacto que estas políticas están a ter no fortalecemento do noso tecido empresarial e na modernización do sector forestal, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración que realiza o Goberno galego respecto do alcance das axudas do programa Xera-Valor?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/01/2026 13:49:15

Rubén Lorenzo Gómez na data 05/01/2026 13:49:30

Miguel Fidalgo Iglesias na data 05/01/2026 13:49:41

Cristina Sanz Arias na data 05/01/2026 13:49:53

Moisés Rodríguez Pérez na data 05/01/2026 13:50:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/01/2026 13:50:18

María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/01/2026 13:50:30

Ángel Rodríguez Conde na data 05/01/2026 13:50:41

Borja Vereza Fraiz na data 05/01/2026 13:50:53



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/01/2026 13:51:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:51:08
Nº Rexistro: 44144
Data envío: 05/01/2026 13:51:08,200

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel A. Viso Diéguez, Rubén Lorenzo Gómez, Miguel Fidalgo Iglesias, Cristina Sanz Arias, Moisés Rodríguez Pérez, Encarna Amigo Díaz, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde e Borja Vereja Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Comisión Europea determina que para acadar unha economía próspera, moderna, competitiva e climaticamente neutra, entre outras cuestións, é preciso reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Neste sentido, o Pacto Verde Europeo recolle o coñecido paquete “Obxectivo 55”, un conxunto de medidas legislativas destinadas a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro da Unión Europea nun 55%, como mínimo, ata 2030 e a situar á Unión na senda para alcanzar a neutralidade climática de aquí a 2050.

E na consecución deste obxectivo a industria forestal xoga un papel fundamental, tanto pola fixación do CO2, como polo secuestro deste, e polo seu gran potencial de substitución doutros produtos. Polo tanto, este sector estratéxico é esencial na transición cara á descarbonización da economía.

De feito, se temos en conta que, no seu conxunto, os edificios son responsables do 40% do consumo enerxético e do 36% dos gases de efecto invernadoiro, segundo calcula a UE, parece básico idear e empregar recursos que axuden a minoralos.

Por exemplo, usando materiais de construción orgánicos, como a madeira, o sector da construción pode incluso pasar de emitir carbono a reduci-lo.

Os procesos de fabricación de produtos de madeira para a construción son minimamente contaminantes e consumidores de enerxía. Ademais, a madeira posúe unhas calidades naturais de illamento térmico excepcionais que contribúen á eficiencia enerxética e proporcionan confort aos espazos. Así pois, a madeira





contribúe a reducir o consumo enerxético non só durante o uso do edificio, senón tamén do consumo necesario para a súa construción e desmantelamento.

Neste sentido, en Galicia estanse a poñer en marcha políticas públicas que acompañan tanto a empresas e asociacións, como a particulares, na realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais. Con estas axudas, preténdese promover a utilización da madeira en construción para impulsar o desenvolvemento de sistemas construtivos sustentables, a utilización de materias naturais, reciclables e reutilizables e a redución do consumo enerxético.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance das axudas para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/01/2026 13:54:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 05/01/2026 13:55:06

Miguel Fidalgo Iglesias na data 05/01/2026 13:55:15

Cristina Sanz Arias na data 05/01/2026 13:55:28

Moisés Rodríguez Pérez na data 05/01/2026 13:55:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/01/2026 13:55:49

María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/01/2026 13:56:00

Ángel Rodríguez Conde na data 05/01/2026 13:56:10

Borja Vereza Fraiz na data 05/01/2026 13:56:22



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/01/2026 13:56:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 13:56:36
Nº Rexistro: 44147
Data envío: 05/01/2026 13:56:36.532

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:04:53
Nº Rexistro: 44149
Data envío: 07/01/2026 10:04:53,934

Asinado o día 07/01/26
10:03
Por José Luis Ferro Iç

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Desde o ano 2009, co chegada ao Goberno do Partido Popular, a universidade pública galega viviu unha auténtica transformación da man de políticas públicas que apostaron pola calidade docente, a excelencia investigadora, a transferencia do coñecemento, a especialización e a accesibilidade de todas as persoas, con propostas pioneiras como a conxelación das taxas ou, máis recentemente, a matrícula gratuíta para os estudantes de grao.

Non é casualidade, os grandes avances acadados en materia universitaria teñen moito que ver coas políticas de financiación universitaria que a Xunta de Galicia desenvolveu nestes anos. Unhas liñas de actuación que se centraron na estabilidade e na planificación estratéxica como eixos centrais.

O Goberno galego foi pioneiro neste ámbito coa posta en marcha, desde hai anos, de plans específicos e a longo prazo –negociados e pactados coas universidades— que sustentaron o desenvolvemento e a mellora das universidades públicas galegas.

Actualmente, en Galicia está operativo o Plan de Financiamento Universitario 2022-2026, a través do que as universidades da nosa comunidade reciben o maior apoio da historia da Xunta de Galicia. En concreto, esta folla de ruta prevé a mobilización duns 3.200M€ durante o seu período de vixencia, aos que se suman outras achegas adicionais, por exemplo, as vinculadas ao Plan de Infraestruturas Universitarias.

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:03
Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:02
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Froito de todas estas políticas financeiras, Galicia xa acada o 1% do PIB en gasto público no sistema universitario, con varios anos de antelación o obxectivo marcado pola lei estatal de universidades para 2030.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración que realiza o Goberno galego das políticas de financiamento do Sistema Universitario de Galicia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 10:02:59
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 10:03:13
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 10:03:27
Julio García Comesaña na data 07/01/2026 10:03:38
Patricia García González na data 07/01/2026 10:03:48
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 10:04:01
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 10:04:13
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 10:04:31
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 10:04:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:04:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:04:53
Nº Rexistro: 44149
Data envío: 07/01/2026 10:04:53.934

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:10:24
Nº Rexistro: 44151
Data envío: 07/01/2026 10:10:24.758

Asinado o día 07/01/26
10:09
Por José Luis Ferro Iñ

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia vén de anunciar unha nova medida fiscal que permitirá ás familias galegas desgravar ata 105€ por fillo en concepto de gasto en libros de texto e material escolar. A medida diríxese a aquelas familias con rendas per cápita entre 10.000€ e 30.000€, que non acceden actualmente ás axudas directas da Consellería de Educación, e aspira a beneficiar a arredor de 60.000 alumnos e alumnas.

Esta iniciativa súmase a outras medida de apoio ás familias, tamén ás xa existentes en materia de libros e materiais, que están dirixidas a rendas inferiores. Cómpre lembrar que Galicia foi a primeiro Comunidade Autónoma en poñer en marcha a matrícula universitaria gratuíta para o alumnado de grao, desde primeiro ata o último curso.

Hoxe o ensino galego destaca como o máis equitativo de España, tal e como recollen os principais índices e indicadores internacionais.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Xunta de Galicia a nova desgravación fiscal do gasto en libros e material escolar?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:08
Por Cecilia Vázquez Suárez

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:08
Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 07/01/26
10:09
Por José Luis Ferro Iñ



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 10:08:39
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 10:08:51
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 10:09:03
Julio García Comesaña na data 07/01/2026 10:09:13
Patricia García González na data 07/01/2026 10:09:23
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 10:09:34
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 10:09:45
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 10:09:58
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 10:10:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:10:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:10:24
Nº Rexistro: 44151
Data envío: 07/01/2026 10:10:24.758

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:16:03
Nº Rexistro: 44153
Data envío: 07/01/2026 10:16:03,707

Asinado o día 07/01/26
10:14
Por José Luis Ferro Iç

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia avanza na tramitación dun novo decreto que regule o sistema de Formación Profesional (FP) na nosa comunidade. O desenvolvemento deste marco normativo terá como obxectivos regular os ciclos de FP Básica, de grao medio, superior e os másteres de FP, adaptándose á recente lexislación estatal, máis tamén pretende incorporar novidades que sigan impulsando a FP galega e reforzando os vínculos destas ensinanzas co tecido produtivo e a sociedade.

En concreto, entre as principais novidades do anteproxecto do decreto, que vén de iniciar a fase intermedia de tramitación, contemplanse:

- A Incorporación dunha figura similar á do profesor asociado universitario para impartir módulos de FP, especialmente vinculados á alta especialización e á formación práctica, co obxectivo de reforzar os vínculos coas empresas e fomentar a innovación.
- Tamén recolle a promoción do recoñecemento mutuo de créditos entre a Formación Profesional e a universidade, nun dobre sentido, que busca ampliar as oportunidades académicas e profesionais do alumnado.
- A posibilidade de deseñar currículos internacionais e o impulso á innovación mediante o Centro Galego de Innovación da FP Eduardo Barreiros e a creación de redes de centros de innovación avanzada.

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:14
Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:14
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





- Ou a mellora da orientación profesional e a información ao alumnado, no marco do Plan FPGal360, con ferramentas como OPI Orienta baseadas en intelixencia.

Cómpre destacar a complexidade na elaboración deste marco normativo debido aos sucesivos retrasos e contradicións do Goberno central na publicación da normativa estatal. Galicia destaca pola seu avance nunha Formación Profesional que medra ano a ano, cada vez máis pegada á realidade das persoas e das empresas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as principais novidades que incorporará o decreto de Formación Profesional e cal será o seu impacto dentro do sistema?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 10:14:09
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 10:14:20
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 10:14:32
Julio García Comesaña na data 07/01/2026 10:14:42
Patricia García González na data 07/01/2026 10:15:01
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 10:15:12
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 10:15:24
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 10:15:35
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 10:15:47



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:16:03
Nº Rexistro: 44153
Data envío: 07/01/2026 10:16:03,707

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:16:04

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:21:31
Nº Rexistro: 44155
Data envío: 07/01/2026 10:21:31.355

Asinado o día 07/01/2026 ás 10:20
Por José Luis Ferro Iç

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O Plan FPGal360 é a folla de ruta da Xunta de Galicia para establecer un sistema integral de orientación profesional que guíe e acompañe á cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida, facilitando a formación e titulación de toda a poboación.

Este plan desenvólvese baixo tres eixos esenciais. O primeiro busca combater o abandono escolar temperá. O segundo céntrase en impulsar un sistema de orientación profesional e vocacional para garantir unha inserción laboral efectiva e aliñar as expectativas do alumnado coas demandas do mercado laboral. Finalmente, o terceiro procura facilitar a titulación de todas as persoas co fin de favorecer as súas oportunidades laborais e sociais.

Esta folla de ruta conta cun orzamento de 24M€ ata 2028.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Xunta de Galicia o desenvolvemento do Plan FPGal360?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

Asinado o día 07/01/2026 ás 10:19
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 10:19:43
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 10:19:57
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 10:20:08
Julio García Comesaña na data 07/01/2026 10:20:18
Patricia García González na data 07/01/2026 10:20:28
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 10:20:39
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 10:20:54
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 10:21:05
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 10:21:16



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:21:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:21:31
Nº Rexistro: 44155
Data envío: 07/01/2026 10:21:31.355

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:26:55
Nº Rexistro: 44157
Data envío: 07/01/2026 10:26:55.926

Asinado o día 07/01/26
10:25
Por José Luis Ferro Iç

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A homologación e validación de títulos universitarios estranxeiros supón un auténtico obstáculo para milleiros de persoas en España. Na actualidade, o tempo medio de espera para completar estes trámites –que dependen do Ministerio de Universidades– supera os dous anos e pode acadar os seis nalgúns casos, o que dificulta enormemente a integración laboral dos profesionais afectados.

O Goberno de España non pode ocultar que existe unha inxente cantidade de solicitudes de homologación, de declaración de equivalencia ou de validación de títulos estranxeiros que están pendentes de resolución. Desde 2024, o Ministerio de Universidades acumulou entorno a 100.000 solicitudes que agardan ser tramitadas.

Mais mentres a cifra de expedientes continúa medrando, especialmente desde a entrada en Real Decreto 889/2022, o ritmo de resolucións segue a ser insuficiente.

Estamos a falar de profesionais altamente cualificados que se ven atrapados nun limbo administrativo ao chegar ao España, sen poder acreditar a súa formación durante un tempo que descoñecen e, polo tanto, sen poder optar a postos de traballo para os que están formados. Esta demora supón unha perda de talento e de oportunidades, tanto para as persoas afectadas como para o conxunto da sociedade.

O ano pasado, o Grupo Popular presentou unha iniciativa para intentar buscar unha solución que permitise axilizar estes trámites, mais o problema persiste e non parece que se vaia solucionar no curto prazo.

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:25
Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:25
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Diante da inacción do Goberno central, a Xunta de Galicia trasladou que se estaba estudando a posibilidade de solicitar a transferencia das competencias nesta materia. Sen embargo, as recentes sentencias do Tribunal Supremo, que anulan o traspaso de competencias ao País Vasco para homologar títulos estranxeiros, fan inviable continuar esta liña de traballo. Por iso, no actual contexto, é máis necesario que nunca que o Goberno central tome as medidas oportunas e garanta os dereitos de todas as persoas afectadas.

Esta situación contrasta coa actuación da Xunta de Galicia no relativo á homologación de títulos estranxeiros non universitarios, ámbito no que si ten competencia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia da homologación de títulos estranxeiros non universitarios?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 10:25:12
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 10:25:22
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 10:25:34
Julio García Comesaña na data 07/01/2026 10:25:44
Patricia García González na data 07/01/2026 10:25:54
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 10:26:05
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 10:26:17
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 10:26:28
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 10:26:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:26:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:26:55
Nº Rexistro: 44157
Data envío: 07/01/2026 10:26:55.926

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o ataque á República Bolivariana de Venezuela por parte dos Estados Unidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ataque dos Estados Unidos contra Venezuela que tivo lugar na noite de 2 a 3 de xaneiro viola a soberanía dese País e vulnera os máis elementais principios do dereito internacional. Ademais, o secuestro do presidente da República Bolivariana de Venezuela, Nicolás Maduro, leva a límites inusitados a violación do dereito internacional e resulta extremadamente perigoso e inaceptábel.

A comunidade internacional debe pronunciarse claramente en defensa da legalidade internacional e da soberanía do pobo venezolano, rexeitando calquera acción violenta contra a República Bolivariana de Venezuela. Alén disto, o goberno galego debe e activar todos os mecanismos diplomáticos e todos os resortes nos organismos internacionais de que fai parte para contribuír a restablecer a plena soberanía da Venezuela.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:29
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:29
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Cal é a posición do goberno galego en relación co ataque a Venezuela por parte dos Estados Unidos?

2.- Ten previsto o goberno galego pronunciarse publicamente en relación con este ataque á soberanía da República Bolivariana de Venezuela e contra a legalidade internacional?

3.- Ten previsto o goberno galego levar a cabo algunha actuación diplomática encamiñada a contribuír a restablecer a soberanía de Venezuela?

4.- Que accións vai levar a cabo o goberno galego para apoiar e protexer a poboación galega residente en Venezuela?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 07/01/2026 10:29:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/01/2026 10:29:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:31:49
Nº Rexistro: 44161
Data envío: 07/01/2026 10:31:49.450

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:31:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:31:49
Nº Rexistro: 44161
Data envío: 07/01/2026 10:31:49.450

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:33:01
Nº Rexistro: 44165
Data envío: 07/01/2026 10:33:01.251

Asinado o día 07/01/2026 ás 10:31
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Nos últimos anos, a Formación Profesional (FP) galega experimentou unha auténtica revolución silenciosa sustentada no traballo de todo o sistema educativo e nas políticas impulsadas polo Goberno galego.

Hoxe a Formación Profesional é unha opción preferente, tanto para alumnado como para as empresas, que achega benestar á sociedade.

Máis de 65.000 persoas están matriculadas actualmente nestas ensinanzas, que se ampliaron e reforzaron estes anos coas maiores ofertas da nosa historia.

Para seguir avanzando por esta senda, a Xunta de Galicia impulsou a Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, que fixa as grandes liñas de actuación, os retos e os obxectivos nos próximos anos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia respecto á situación da Formación Profesional galega?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

Asinado o día 07/01/2026 ás 10:30
Por Patricia García González

Asinado o día 07/01/2026 ás 10:30
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 10:30:49
Patricia García González na data 07/01/2026 10:30:59
Julio García Comesaña na data 07/01/2026 10:31:19
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 10:31:30
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 10:31:47
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 10:32:07
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 10:32:18
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 10:32:32
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 10:32:44



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:33:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:33:01
Nº Rexistro: 44165
Data envío: 07/01/2026 10:33:01.251

CSV: BOPGDSPG-mMyhc8CbI-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:38:39
Nº Rexistro: 44167
Data envío: 07/01/2026 10:38:39.878

Asinado o día 07/01/26
10:37
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A Xunta de Galicia desenvolve unha política de apoio ás familias que favorece o acceso de todas as persoas aos estudos universitarios.

De feito, o Goberno galego foi pioneiro en propostas como a conxelación dos prezos da universidade hai xa máis dunha década, unha medida que permite un aforro anual ás familias de entre 16 e 20 millóns de euros.

Para seguir avanzando nesta dirección, a Xunta de Galicia desenvolveu, en tempo récord, a bonificación dos prezos da matrícula universitaria, tanto para o alumnado que inicia estudos como para o que continúa e supere un número mínimo de créditos.

Galicia xa é a primeira comunidade que permite cursar un grado de xeito gratuíto desde o primeiro ao último curso.

Esta proposta únese a todas as impulsadas estes anos para asegurar a excelencia e facilitar o acceso a todas as persoas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Xunta de Galicia o desenvolvemento da proposta de gratuidade da matrícula universitaria?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:36
Por Cecilia Vázquez Suárez

Asinado o día 07/01/2026 ás
10:37
Por Patricia García González

Asinado o día 07/01/26
10:37
Por Julio García Com



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 10:36:55
Patricia García González na data 07/01/2026 10:37:05
Julio García Comesaña na data 07/01/2026 10:37:15
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 10:37:25
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 10:37:36
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 10:37:49
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 10:38:00
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 10:38:13
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 10:38:24



